

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA Nº 292 /2009, DO 25 DE MAIO

Mediante Resolución de Alcaldía nº 121/2009 de 11 de marzo, aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación laboral temporal, na modalidade de "obra ou servizo determinado", dunha persoa que desempeñe as tarefas de técnico/a en normalización lingüístico no Concello de Cabana de Bergantiños.

A convocatoria foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, igualmente no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal tal e como establecían as bases no expediente 113/09.

Reunido o tribunal o día 14 de maio de 2.009, procedeuse a valorar os méritos achegados así como a entrevista persoal de carácter curricular, todo isto de conformidade co baremo establecido nas bases de selección aprobadas mediante resolución nº 121/2009 do 11 de marzo.

A vista do anterior, o tribunal de selección propón que se proceda á contratación de D. Xosé Manuel Varela Varela con DNI nº 32.803.664-Y como aspirante idóneo. Vista a citada proposta de nomeamento e visto que a aspirante, presentou en tempo e forma a documentación esixida pola base décima das bases aprobadas por resolución de Alcaldía, do 11 de marzo.

Consonte co preceptuado nos artigos 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificado pola Lei 11/1999, do 21 de abril e 41.14.c) do ROF., pola presente **RESOLVO**:

PRIMEIRO: Nomear a D. Xosé Manuel Varela Varela con D.N.I nº 32.803.664-Y, como persoal laboral temporal, para o posto de técnico en normalización lingüístico deste Concello, cunha duración orientativa dun ano dende a sinatura do contrato, vinculado ao convenio de colaboración coa Deputación da Coruña, baixo as condicións establecidos nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía 121/2009 do 11 de marzo.

SEGUNDO: Os restantes aspirantes quedarán como reservas nos casos de vacante ou renuncia ao posto do nomeado e pola orde da puntuación obtida no procedemento de selección.

TERCEIRO.- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios e na páxina web.

Mándao e asíno o Alcalde-Presidente don José Muíño Domínguez na casa do concello de Cabana de Bergantiños, o vinte e cinco de maio de dous mil nove, diante de min, o Secretario, que dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario,

Asdo.: Jose Muíño Domínguez

Asdo.: Federico Suárez Cancelo